

## Concello de Covelo

### BASES

#### PROXECTO ORIENTATE : Non hai sitio en Covelo para o maltrato 2021

##### 1.- OBXECTO.

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes na actividade de visibilización do rexeitamento do Concello de Covelo á violencia de xénero: Orientate : Non hai sitio en Covelo para o maltrato 2021.

Adaptaremos as actividades ás medidas e protocolos de actuación ou instrucións por parte das autoridades competentes.

##### 2.- PERSOAS DESTINATARIAS.

Público xeral (familias con crianzas, persoas adultas, crianzas con autorización das persoas responsables...)

A proba **está recomendada a partires de 6 anos** en diante, cun nivel de esixencia física baixo (para a categoría de crianzas) e medio (para a categoría de persoas adultas).

Os equipos deberán ter un mínimo de 2 integrantes até un máximo de 5, e se establecerán dúas categorías:

- CATEGORÍA CRIANZAS: Equipos onde polo menos, unha das persoas integrantes sexa menor de 12 anos. Distancia a percorrer de 5-6 Km (non sendo obrigatorio facer todo o percorrido).

- CATEGORÍA XUVENIL E ADULTA : Equipos onde todas as persoas integrantes do equipo sexan maiores de 12 anos (obrigatorio que haxa unha persoa do equipo maior de idade). Distancia a percorrer de 10-12 Km (non sendo obrigatorio facer todo o percorrido)

##### 3.- PERSOAS PARTICIPANTES.

Establécese un número mínimo de 50 persoas participantes e un máximo de 150 persoas participantes cunha marxe ao contabilizar de cinco persoas máis ou menos debido á constitución dos grupos. Seleccionarase por orde de inscrición.

##### 4.- TEMPORALIZACIÓN.

A proba Orientate : Non hai sitio en Covelo para o maltrato 2021, realizarase en horario de 10:30-13:30 horas o domingo 27 de xuño de 2021. As persoas participantes deberán presentarse na Carballeira situada ó lado do campo de fútbol de Covelo ás 10:30 horas .

##### 5.-PREZO

Actividade gratuita

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986650027. Fax: 986650131



Cod. Validación: PRRQNYCPQCCKKSJF6FHYDZJF2 | Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7

## Concello de Covelo

---

### 6.- ACTIVIDADES

Consiste nunha actividade por equipos que combina orientación con mapa e diferentes probas denominadas “especiais”. As persoas participantes deberán percorrer a pé unha distancia variable, por terreo de bosque e urbano, tentando localizar unha serie de puntos de control ou balizas e superando diversas probas, que poden ser físicas ou de coñecemento. Estas probas farannos reflexionar sobre o maltrato e a importancia da loita contra a violencia de xénero. O tempo máximo para realizar a proba é de dúas horas e media, e os equipos deberán acadar o maior número de puntos posibles. Todo tempo que exceda ao establecido pola organización será penalizado con puntos. Existe a posibilidade de rematar a proba en menos tempo de establecido, no caso de haber completado tódolos puntos ou non querer continuar coa actividade.

Os equipos deciden libremente a orde de búsqueda e o ritmo a seguir (andando ou correndo), non sendo obrigatorio o paso por todos eles. Cun alto compoñente estratéxico, a toma de decisións e o traballo en equipo son claves para completar a proba con éxito.

Cada equipo participante contará co seguinte material:

1.- MAPA, que contén toda a información necesaria para progresar polo terreo (camiños, carreiras, curvas de nivel...). Asemade, indícase o punto de saída-chegada e as balizas a localizar.

2.- FOLLA DE DESCRICIÓN DE BALIZAS: Contén información relevante sobre cantos puntos vale cada baliza, unha pequena descrición de onde están, e que probas de coñecemento hai en cada un dos puntos de control establecidos.

3.- TRÍPTICO: documentación necesaria para que cada equipo poida apuntar as respostas de cada unha das probas de coñecemento que realice, así como marcar o paso polos puntos de control ou balizas.

#### 4.- BOLÍGRAFO

#### MATERIAL NECESARIO

Cada un dos equipos deberá levar ao menos un teléfono móbil, por si fose necesaria nalgún momento comunicación coa organización da proba. Ademáis, recoméndase calzado e roupa cómoda para andar e/ou correr.

O compás, non sendo obrigatorio, pode ser de gran axuda. Eso si, se sabedes como utilizalo...

Ademais do material citado no parágrafo anterior, a organización recomenda as persoas participantes dispoñer do seguinte material:

- Mochila con avituallamento sólido e líquido durante o transcurso da proba.

---

## Concello de Covelo



## Concello de Covelo

---

- Calzado e roupa de reposto.
- Lentes de sol, gorra e protección solar (se as previsións do tempo son favorábeis).
- Chubasqueiro (se hai previsión de choiva).

### 7.- PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

#### 7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección das persoas participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

#### 7.2.- INSCRICIÓN.ANEXO 1

##### 7.2.1.-DOCUMENTACIÓN.

As persoas interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do Concello de Covelo ou a través da sede electrónica da web do concello (<https://covelo.sedelectronica.es/info.0>) a folla de **inscripción con tódolos campos cubertos xunto coa seguinte documentación:**

- ✓ Folla de inscrición.
- ✓ DNI de todas as persoas participantes

Persoas menores de idade:

- ✓ Autorización no caso de persoas menores
- ✓ DNI da nai, pai, titora ou titor no caso de persoas menores de idade
- ✓ Copia do DNI da crianza ou de non telo copia do Libro de Familia

Na sede electrónica, selecciónase instancia xeral e tramitación electrónica indicando que se solicita a inscrición á actividade Orientate : Non hai sitio en Covelo para o maltrato 2021 e achegando a documentación.

As persoas que desexen máis información poden poñerse en contacto cos servizos sociais municipais no teléfono: 986 650 027 ext.3

- Prazo de SOLICITUDE: Do 21 ó 23 de xuño 2021.
- LISTA DE ADMITIDOS: 24 de xuño 2021

O prazo de presentación de solicitudes poderá variar en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

7.2.2.- CRITERIOS DE SELECCIÓN. Admitiranse as persoas participantes na proba Orientate : Non hai sitio en Covelo para o maltrato 2021 por orden de inscrición.

---

## Concello de Covelo





XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade

## Concello de Covelo

---

### 8..- RESULTADO DA SELECCIÓN.

O día 24 de xuño de 2021 publicárase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado de persoas admitidas.

Covelo, a data que figura na marxe.

O Alcalde do Concello de Covelo  
Juan Pablo Castillo Amigo  
(sinatura electrónica)

---

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986650027. Fax: 986650131



Cod. Validación: PRRQNYCPQCCKKS2JF6FHYD2JF2 | Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7

## Concello de Covelo

### ANEXO I. SOLICITUDE

#### ORIENTATE : NON HAI SITIO EN COVELO PARA O MALTRATO 2021

<b>PERSOA SOLICITANTE: PERSOA RESPONSABLE DO EQUIPO (INTEGRANTE 1)</b>		
Nome:	Apelidos:	
DNI:	Telf:	Mail:
Enderezo:		
<b>SOLICITO PRAZA PARA:</b>		
<b>INTEGRANTE 2:</b> Nome e apelidos:		
Data nacemento:		
DNI:		
Tfno:		
<b>INTEGRANTE 3:</b> Nome e apelidos:		
Data nacemento:		
DNI:		
Tfno:		
<b>INTEGRANTE 4:</b> Nome e apelidos:		
Data nacemento:		
DNI:		
Tfno:		
<b>INTEGRANTE 5:</b> Nome e apelidos:		
Data nacemento:		
DNI:		
Tfno:		

## Concello de Covelo

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON:  Para a difusión e memoria de actividades	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA PERSOA MENOR NA ACTIVIDADE: ORIENTATE.NON HAI SITIO EN COVELO PARA O MALTRATO 2021  Informouseme e acepto as bases e normas de funcionamento da actividade: Orientate. Non hai sitio en Covelo para o maltrato 2021	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Documentación:		
<b>-Copia do DNI de todas as persoas participantes</b>  <b>Persoas menores de idade:</b>  <b>-Autorización no caso de persoas menores</b>  <b>-DNI da nai,pai, titora ou titor no caso de persoas menores de idade</b>  <b>-Copia do DNI da crianza ou de non telo copia do Libro de Familia</b>		
Asinado		
Covelo, a      de      de 2021		

*De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade Códexgas, para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.*

## Concello de Covelo

---

### ORIENTÁTE : NON HAI SITIO EN COVELO PARA O MALTRATO 2021

#### AUTORIZACIÓN PARA AS PERSOAS MENORES

##### SOLICITANTE (Persoa menor):

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono móbil:

##### E, NA SÚA REPRESENTACIÓN:

Nome e apelidos:

DNI:

En calidade de pai/nai/titor/a:

Teléfono móbil:

##### **AUTORIZA:**

A participación na actividade "Oriéntate: Non hai sitio en Covelo para o maltrato", que terá lugar o domingo 27 de xuño ás 10:30 horas da mañá en Covelo.

Covelo, a                      de xuño de 2021.

Asdo. Nai/Pai ou Titor/a